

# UN MINUTO DE GLORIA

[Kristina Grozeva, Petar Valchanov, 2016]

# 261

ESTREA EN NUMAX: 14.07.2017 | V.O.S.E. | +12

*Slava* (Glory) (2016, 101')

**Dirección:** Kristina Grozeva, Petar Valchanov

**Guión:** Kristina Grozeva, Petar Valchanov, Decho Taralezhkov

**Elenco:** Stefan Denolyubov, Margita Gosheva, Milko Lazarov, Kitodar Todorov, Ana Bratoeva, Nadejda Bratoeva, Nikola Dodov, Stanislav Ganchev, Mira Iskarova

**Son:** Ivan Andreev, Harry Boyadzhyski

**Montaxe:** Petar Valchanov

**Vestuario:** Kristina Tomova

**Fotografía:** Krum Rodríguez

**Música:** Hristo Namliiev

**Produtoras:** Abraxas Film, Aporia Filmworks, Red Carpet, Screening Emotions (Bulgaria), Graal Films (Grecia)

**Distribuidora:** La Aventura Audiovisual

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Búlgaro

## PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2016 (Competición Internacional, Premio Don Quixote), Xixón 2016 (Mellor filme, guión, Premio FIPRESCI), Dublín 2017 (Mellor guión), Golden Rose Bulgarian Feature Film Festival 2016 (Mellor guión e fotografía), Minsk 2016 (Premio do Público), Transilvania 2017 (Premio especial do xurado), Vilnius 2017 (Mellor dirección, Premio CICAIE)

## FILMOGRAFÍA

*La lección*, 2014

*Jump*, 2012

*Forced Landing*, 2010

## SINOPSE

Cando Tsanko Petrov, un traballador do ferrocarril, atopa un millón de levs nas vías do tren, decide devolver a totalidade do importe á policía. O Estado recompénsao cun reloxo de pulseira novo... que axiña deixa de funcionar. Mentres tanto, Julia Staikova, xefa de relacións públicas no Ministerio de Transporte, perde o seu vello reloxo. Así comeza a loita desesperada de Petrov para que lle devolvan non só o seu vello reloxo, senón tamén a súa dignidade.

«O lugar de encontro entre os Irmáns Dardenne e Frank Capra»

Eric Kohn, INDEWIREE



## Cando a razón se converte en loucura

Por Jordan Mintzer

A segunda longametraxe do dúo formado por Kristina Grozeva e Petar Valchanov —cuxo debut, *La lección*, recolleu unha chea de premios no circuito de festivais— opera unha fascinante exploración das debilidades humanas e as inxustizas socioeconómicas do seu país, Bulgaria. Se os Irmáns Dardenne tentasen facer unha comedia escura como o carbón seguramente terían botado man do guión de Grozeva e Valchanov. Dirixida con estrutural precisión —non hai unha soa escena no filme que semelle gratuita—, *Un minuto de gloria* bota man de dous personaxes opostos (unha especialista nas comunicacións e alguén que apenas é quen de comunicar nada) para retratar unha sociedade esnaquizada pola fraude e a crueldade e na que cadaquén mira só polo seu. Gosheva e Denolyubov, que xa protagonizaran a anterior *La lección*, volven sobresaír encarnando a dúas persoas con necesidades urxentes que non han parar ante nada para conseguir o que queren. Nese sentido, Julia e Tsanko representan diferentes rostros dun mesmo problema que ten máis a ver co lugar no que viven que coa súa propia condición, aturando un sistema voraz que non son quen de mudar. Cada home e cada muller atende só ás súas necesidades, lembrando por momentos a célebre frase de Jean Renoir en *La regla del juego* (1939) sobre como «cadaquén ten as súas razóns», agás que neste filme a razón

vai de vagar mais inexorablemente converténdose en loucura.

Publicado en [www.hollywoodreporter.com/](http://www.hollywoodreporter.com/)

\*\*\*

## “Os nosos filmes inspíranse en titulares dos xornais”

Entrevista con Kristina Grozeva e Petar Valchanov

En *Un minuto de gloria* hai temas similares aos de *La lección* (2014): a clase, a desesperación e a desigualdade están no subtexto de distintas formas. Ao mesmo tempo, *Un minuto de gloria* é un filme máis amplo. Son temas estes que vos interesan ou algo que chegou a ser inherente dos vosos filmes? Kristina Grozeva: Si, estamos moi interesados en temas sociais, nas relacións entre as persoas. Poderíamos dicir que facemos filmes humanos, para sermos máis humanos, que mostran como estes seres existen na realidade, xa sexa política ou de calquera índole.

Petar Valchanov: *La lección* é o primeiro filme de tres e *Un minuto de gloria* o segundo. A inspiración vén dos titulares dos xornais, hai un elemento social que está na base destas dúas historias e que ha ser o tema do noso terceiro filme.

**La lección está baseado en feitos reais... Estás a dicir que *Un minuto de gloria* tamén?** PV: Si, claro. Foi un feito real, ocorreu hai moitos anos. Un traballador

do ferrocarril atopou un millón nas vías e deulle a un grupo de policía. Tempo despois, o Ministerio de Transporte deulle un novo reloxo.

**Un dos personaxes máis interesantes é Julie, que é unha actriz marabillosa. Tiñades o personaxe escrito perfectamente antes da rodaxe?** KG:

Dámoslle moita liberdade a todos os actores. Neste caso funcionou igual, mais ela estaba moi preparada porque tiña traballado por un breve período na oficina do presidente búlgaro. Trouxo o espírito dese tipo de traballo e coído que foi de moita axuda na rodaxe.

**Como funcionades como co-directores?**

PV: Divertímonos, pasámolo moi ben traballando xuntos e pensamos seguir desta maneira. Se atopásemos unha terceira persoa, por que non? Estamos abertos. Non cremos que o director sexa o máis importante e o seu traballo o principal. Estamos abertos a traballar cos actores. N’*Un minuto de gloria* traballamos cunha terceira persoa no guión.

**Pensastes xa na terceira parte da triloxía?** KG: Estamos a buscar a terceira historia, por iso precisamos ler moitos xornais. Temos algunhas ideas pero estamos no principio do proceso.

PV: Agora temos outro proxecto no que estamos a traballar, aparte da triloxía. Outra historia que empezamos a desenvolver como un filme de baixo orzamento. Quizais a rodemos esta primavera, mais aínda estamos na procura de financiamento.

Publicado en <http://laaventuraaudiovisual.com/>  
Traducións: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# ABONATE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX